

53

- ○ ○ ○ ○ EXPRESIÓN VERBAL
- ● ○ ○ ○ EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ● ○ ○ CREATIVIDADE
- ○ ○ ○ ○ VOCABULARIO
- ● ○ ○ ○ ESCOITA ACTIVA
- ● ○ ○ ○ TRABALLO EN GRUPO
- ○ ○ ○ ○ DIFICULTADE

10 ou máis participantes
30 minutos

Roda

Distensión

CHOCOLATE LAMBÓN

MATERIAIS

Un dado xigante e unha libra de chocolate.
Servilleta, coitelo, garfo, mandil, luvas, lentes de sol, chapeu, bufanda...

ESPAZO

Espazo para sentar en roda.

DESCRICIÓN

Todas as persoas se sitúan en roda á volta dos obxectos.
Cada persoa na roda vai por orde tirando o dado.
A primeira persoa que saca un seis no dado debe ir ao centro da roda, vestir a indumentaria dispoñible toda e con coitelo e garfo pode ir engulindo o chocolate.
En canto unha nova persoa saque un seis, a persoa que comía perde o dereito e é a nova afortunada quen pode ir agora comer no chocolate... aínda que deberá vestir primeiro a indumentaria toda para poder facelo.
E debe andar lixeira, pois como entre tanto alguén saque un seis...

Olo ás posibles intolerancias ou alerxias!

